


BRÉTEMAS

NOTAS DO TRABALLO DE EDICIÓN

30.6.07

Xosé María Álvarez Blázquez, 17 de maio 2008



Unha gran alegría: o meu admirado don Xosé María Álvarez Blázquez será homenaxeado no Día das Letras Galegas 2008. Poeta, editor, historiador, divulgador e cronista da cidade de Vigo (entre outros moitos méritos) a figura de Xosé María recibirá por fin un merecidísimo recoñecemento nacional. Autor de poemarios emblemáticos como *Canle segredo* e *Cancioneiro de Monfero* (neotrobadorista), de obras narrativas en

galego como *A pega rabilonga e outras historias de tesouros*; biógrafo de Alexandre Bóveda; editor e estudoso da obra de Martín Codax; creador das Edicións Monterrey e de Edicións Castrelos (a editora da mítica colección dos libros do Moucho); autor de *La ciudad y los días. Calendario histórico de Vigo* (un dos meus libros de cabeceira), libreiro da Librería Anticuaria da miña rúa natal (a quen tanto lle debo a miña afección polos libros), membro da xínea dos Álvarez (a quen tanto admiro), autor de *Roseira do teu mencer* (quizais o primeiro poemario da poesía infantil en galego) a figura moralmente hercúlea de Xosé María (pai dos escritores Xosé María, Alfonso e Celso e da pintora Berta Álvarez Cáccamo) con seguridade axudará revitalizar e a popularizar a celebración do 17M.



Na actualidade a súa obra, coa excepción da nosa edición de *Roseira do teu mencer*, dificilmente se pode atopar nas librerías. A súa obra poética galega completa está recollida nun volume que publicou Xerais nos anos oitenta (hoxe totalmente agotada). Con motivo da Biblioteca 120 de *La Voz de Galicia*, preparamos en Xerais unha edición de *Canle segredo*. Sobre a súa figura existe unha biografía, preparada polo seu fillo

Alfonso, editada hai anos por Ir Indo edicións, ademais de testemuñas no libro de conversas con Darío Xohán Cabana (o poeta chairego traballou man con man con Xosé María en edicións

QUEM SOU EU

BRÉTEMAS

VIGO, GALICIA, ES

VISUALIZAR MEU PERFIL COMPLETO

ACHEGAS ÚLTIMAS

Fran Alonso, pregón da Feira do libro de Vigo

"Dosinda", un relato de Teresa Moure

Patrimonio inmaterial

Episodios de terror

Boa planificación

"A Nosa Terra" aposta polo xornalismo dixital

"O club da calceta", Premio San Clemente

"Fóra do sagrado" de Anxo Angueira
Servizos de lectura

Pagar por estar no escaparate



Esta obra está baixo unha licenza Recoñecemento-NonComercial-CompartirIgual 2.5 España de Creative Commons.

Castrelos, sendo un dos mellores coñecedores da súa figura) que publicaremos nas próximas semanas. Curiosamente, non existe aínda ficha de don Xosé María na BVG, sendo, en xeral, moi incompleta a información electrónica existente ata agora. Eivas biobliográficas que coa excepción do seu libro de contos inédito, *Os ruíns* (perdido cando ía ser publicado por Casal), [serán cubertas sobradamente nos vindeiros meses](#).



A AGE puxo o nome de "Xosé María Álvarez Blázquez" ao seu [Premio Autor do ano](#), recoñecemento que ata agora recaíu en Ferrín (2005) e Manuel Rivas (2006). Así

mesmo, a Sala de Lectura da Biblioteca Central de Vigo, tamén a proposta da Asociación Galega de Editores, recibiu o seu nome sendo alcalde de Vigo Manuel Pérez. A cidade de Vigo homenaxeouno dándolle o seu nome a un paseo e colocando unha praca de bronce que lembra onde viviu.

Os meus parabéns para a Academia por [escolla tan acaída](#). Teremos oportunidade de falar de vagar nestas brétemas de don [Xosé María](#).

Etiquetas: [Xosé_María_Álvarez_Blázquez](#)

Marcadores: [Autores](#), [Editores](#), [Efemérides](#)

POSTED BY BRÉTEMAS AT 30.6.07

1 COMMENTS:

Anônimo said...

Sen dúbida a saga dos Álvarez é sinónimo de compromiso coa cultura galega: Amalia Álvarez, viúva de Alexandre Bóveda, Xerardo Álvarez Limeses, Xosé María, Alfonso e Berta Álvarez Cáccamo... Moitos intres da nosa cultura teñen a un membro da saga dos Álvarez cumprindo un papel destacado.

ASINADO: [Boedense](#)

8:14 PM

[POSTAR UM COMENTÁRIO](#)

[<< Home](#)